

ACTA N.º 03 / 2022

SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO PROVINCIAL DE TURISMO

DATA	Martes, 13 de DECEMBRO de 2022
HORA	17:00 horas
LUGAR	Salón de Plenos do Pazo Provincial de San Marcos (Lugo)
ASISTENTES	<ul style="list-style-type: none"> • VICEPRESIDENTA: M^ª DEL PILAR GARCÍA PORTO • SECRETARIO: JOSÉ DOMINGO MARTÍNEZ FERREIRA • GRUPO PROVINCIAL PSDG: PABLO RIVERA CAPÓN (TITULAR) • GRUPO PROVINCIAL PSDG: MAYRA GARCÍA BERMÚDEZ (TITULAR) • GRUPO PROVINCIAL PARTIDO POPULAR: DOLORES CASTRO OCHOA (SUPLENTE) • USC VICERREITORADO CAMPUS LUGO: FRANCISCO FRAGA LOPEZ (TITULAR) • CLÚSTER DE TURISMO DE GALICIA: CESÁREO GONZÁLEZ PARDAL (SUPLENTE) • ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO NA PROVINCIA DE LUGO: ÁNGEL TRABADA GÓMEZ (TITULAR) • ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA DE LUGO - APEHL: JOSÉ FRANCISCO REAL LOPEZ (TITULAR) • FEDERACIÓN GALEGA DE COMERCIO: JOSÉ MARÍA SEIJAS LÓPEZ (TITULAR) • ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE GUIAS DE TURISMO DE GALICIA - APIT GALICIA: MÓNICA DÍAZ JUBLÍN (TITULAR) • FEDERACIÓN GALEGA DE TURISMO RURAL - FEGATUR: FRANCISCO XABIER ALMUÍÑA CHORÉN (SUPLENTE) • XEFA DA ÁREA DE TURISMO: MERCEDES LAMELA LOPEZ • RESERVA DA BIOSFERA DOS ANCARES LUCENSES E MONTES DE CERVANTES, NAVIA E BECERREÁ: ANDREA MACHO BENITO (TITULAR)

	IV7BYKQ33QWNL6OTW7VXIXSSC4	Fecha y Hora	18/02/2023 07:37:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA (Xefe de Servizo Contratación e Fomento)		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BYKQ33QWNL6OTW7VXIXSSC4	Página	1/7



	<ul style="list-style-type: none"> RESERVA DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO: LUIS J. FERNÁNDEZ REIJA (TITULAR)
--	---

ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria do Consello de Turismo celebrada con data 5 de setembro de 2022.
- 2.- Dación de conta das principais accións realizadas polo Servizo de Turismo ao longo do ano 2022.
- 3.-Rogos e preguntas.

DESENVOLVEMENTO

No Salón de Plenos do Pazo Provincial de San Marcos, ás 17:27 horas, a vicepresidenta do Consello Provincial de Turismo, Pilar García Porto, toma a palabra para, en primeiro lugar, dar a benvinda aos asistentes e desculparse polo retraso na hora de chegada dando comezo a este Consello Provincial de Turismo pedindo ao secretario que comprobe asistencia.

Realizada esta comprobación, Pilar García Porto da as gracias por participar nesta xuntanza que imos celebrando ano tras ano nestas datas e que lle gustaría abrir sintetizando as liñas comúns e os obxectivos das actividades que se viñeron realizando durante este 2022.

En primeiro lugar, quero agradecer o labor de todas as persoas e colectivos que formades parte deste Consello, co que se vén demostrando que o modelo de xestión participativa polo que apostamos segue a ser o máis atinado para levar a cabo accións de mellora do turismo lucense.

Por suposto, sen querer caer en triunfalismos de ningún tipo porque, evidentemente, temos eivas e temos tamén cuestións nas que fallamos, si que nos sentimos satisfeitos polo traballo que se desenvolveu ao longo deste ano. Cumprimos un dobre obxectivo. Dunha parte conseguimos converter o Turismo nun dos eixos da acción política da Deputación, podemos estar de acordo ou non nas liñas que se desenvolven, pero en todo caso foron uns eixos transversais da política da Deputación; apostando por un sector que achega riqueza e emprego, que difunde a imaxe da provincia lonxe das nosas fronteiras e dun xeito fundamental, xera oportunidades para coñecela do mesmo xeito que se axuda a que no medio rural se están creando (e dependendo da zona) máis opcións para desenvolver proxectos de vida que axuda a fixar poboación no territorio.

O segundo obxectivo que temos presente, a maiores de considerar o turismo un eixo fundamental de traballo nesta institución, foi conseguir un modelo de turismo propio que xa se iniciara anos atrás: un turismo sostible (hoxe a palabra sostible utilízase moitas veces, e ás veces esquecendo o que realmente significa) pero nós non cremos que o turismo sostible desta provincia teña neste adxectivo un comodín xa que estamos ofrecendo, cada vez máis, esa profesionalización do sector que ofrece un turismo de calidade non masificado e con tendencia a desestacionalizarse. Despois da crise orixinada pola pandemia, despois das situacións tan difíciles que tivemos que vivir todos e todas, vivindo unhas pautas de

	IV7BYKQ33QWNL6OTW7VXIXSSC4	Fecha y Hora	18/02/2023 07:37:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA (Xefe de Servizo Contratación e Fomento)		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BYKQ33QWNL6OTW7VXIXSSC4	Página	2/7



comportamento social e volvéndonos a adaptar a un novo modelo, creo que neste sentido as Administracións fixemos un esforzo, coas competencias e cos recursos que temos, cara un modelo do que xa levamos anos falando e polo que cada vez aposta un maior número de visitantes

Temos que seguir aproveitando o inmenso patrimonio natural e cultural co que conta a nosa provincia. Un patrimonio que entendemos e tratamos de poñer en valor no sentido máis amplo do termo, como a dunha pequena romaría que pode significar moito para os veciños e veciñas que a desfrutan e que tradicionalmente a veñen celebrando, como os grandes templos do Románico, por exemplo, dos que pode contar a esta provincia; e o noso patrimonio natural abrangue as paisaxes e os bosques, pero tamén produtos importantes como as castañas ou o peixe, entre outros.

Non debemos esquecernos que, a nivel de turismo natural, a provincia conta con un 85% do territorio catalogado como Reserva da Biosfera, sendo un referente que non se debe perder de vista de cara o futuro.

Traballamos sempre buscando sinerxias na medida que podemos facelo que reforcen estes pensamentos que temos na Deputación de Lugo, porque, cando falamos de administracións públicas, sabemos que o máis importante tamén é que se falen das competencias que ten cada unha delas, porque as preocupacións son moitas, case sempre compartidas pola totalidade da administracións pero non podemos esquecer quen ten, para segundo que cousa, as competencias, polo tanto, os recursos. Sen perder o punto de vista os esforzos importantes que poden facer os concellos, esforzos que podemos facer dende a Deputación, sumando como se fixo agora tamén con algunhas cuestións xestións, ou a crenza por parte da administración autonómica de coincidir con algunha destas cuestións que nos consideramos importantes para o desenvolvemento futuro do turismo na nosa provincia e polas que podemos ser capaces de entendernos e traballar de xeito conxunto para acadar ese modelo cada vez compartido por máis persoas.

Traballamos tamén fomentando vagas de interese que chegaban cada vez máis lonxe. Recibimos nos últimos tempos e a pesar dos longos anos de pandemia, cada vez máis interese dos medio e as compañías audiovisuais e cinematográficas que queren vir rodar a esta provincia, en pequenas producións ata producións máis grandes que queren incluír a nosa paisaxe, o noso patrimonio dentro das súas creacións. Isto é importante porque, por un lado, se traduce en que se fixo unha parte destacada de traballo de sensibilización e, polo outro, esa sensibilización de cara o público continúe avanzando.


Tamén conseguimos outras cuestións importantes, como foron o de participar en grandes eventos como pode ser o caso de FITUR ou chegar a acadar premios e recoñecementos a nivel nacional como foi o da España Creativa, premiando o ano pasado un proxecto da Deputación de Lugo o que nos deu este ano unha proxección a nivel nacional importante.

Xunto con isto, fixemos un importante esforzo por potenciar o turismo de proximidade, de pequenos desprazamentos e de coñecer a nosa gastronomía máis próxima de calidade, nese sentido tamén se fixo un traballo importante.

Estamos nas portas do Nadal e aproveito para desexarvos a todos unhas felices festas.

Imos a comezar, por tanto, a orde do día do Consello de Turismo.

	IV7BYKQ33QWNL6OTW7VXIXSSC4	Fecha y Hora	18/02/2023 07:37:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA (Xefe de Servizo Contratación e Fomento)		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BYKQ33QWNL6OTW7VXIXSSC4	Página	3/7



1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria do Consello de Turismo celebrada con data 5 de setembro de 2022.

Toma a palabra Francisco Xabier Almuíña Chorén sinalando que na acta figura como suplente cando en realidade é o titular.

Sinala Pilar García Porto que se corruxará e pregunta se hai algunha cuestión máis.

Pásase ao seguinte punto da orde do día.

2.- Dación de conta das principais accións realizadas polo Servizo de Turismo ao longo do ano 2022.

Toma a palabra Pilar García Porto sinalando que este é un punto habitual non Consello de Turismo de final de ano, moitos de vós pola implicación que tedes con este consello e por outras cuestións, xa estades ao día das actuacións levadas a cabo polo Servizo de Turismo. Tratarei, continúa, de facer un resumen e, se queren a documentación, pódese facer chegar sen problema por correo electrónico. Se precisan de algunha aclaración, sinala, poderán formular preguntas ao finalizar a intervención para non alongar de máis o consello.

Para esta dación de contas, comezarei falando do programa *Actívate* que se desenvolveu nas fins de semana dos meses de abril a xullo é un programa que ten como finalidade principal impulsar o turismo de proximidade a través de 24 actividades de carácter gratuíto dirixidas ao público xeral vinculadas principalmente ao turismo activo, científico e mindfulness.

Os concellos que desfrutaron desta actividades foron 24 e 275 persoas foron as que desfrutaron das mesmas. Debemos ter en conta que, a maioría das actividades, se levaron a cabo en concellos pequenos e tamén en pequenos grupos, que é como máis se desfruta deste tipo de experiencias. Leváronse a cabo actividades de sendeirismo, iniciación á escalada, apicultura, BTT, tiro con arco, iniciación á equitación, orientación en montaña, baños de fragas, iniciación ao paintball, cicloturismo histórico, xogos tradicionais, snorkel, andainas, iniciación á vela lixeira, sendeirismo de montaña e xeoloxía, botánica, paseos micolóxicos relacionados coa recollida de fungos, surf, kajak, raid de aventura e tamén algunha camiñata gastronómica.


Tamén aporta o detalle dos concellos, como foron Ribas de Sil, A Pontenova, Baleira, Guitiriz, Taboada, Cervantes, Abadín, Ribadeo, Foz, Portomarín, Lourenzá, Burela, Viveiro, Outeiro de Rei ou Cospeito entre outros. Intentouse realizar ao longo de toda a provincia porque o fin era dan a coñecer enclaves en onde practicar este tipo de actividades.

A parte deste programa, tamén se desenvolveu outro vinculado a actividades fluviais, pensado para impulsar a oferta de lecer un pouco máis centrada no verán e poñer en valor as posibilidades de aproveitamento lúdico e de espaxemento que teñen algunhas áreas fluviais desta provincia. Organizouse este programa con carácter gratuíto, dirixidas ao público familiar, para nenos e nenas maiores de 6 anos (unha das condicións principais para que poidan empregar os xogos inchables que se poñían a disposición). Dentro desta oferta ofrecíanse alternativas como o kajak, paddle surf, inchables, e outros xogos acuáticos

Os enclaves, de acordo co anterior, repartiuse pola provincia en concellos como A Fonsagrada, A Pobra de San Xiao, a praia fluvial de Begonte, a área recreativa da Peneda, a Ría de Abres en Trabada, Lugar do Trece en Alfoz, Negueira de Muñiz na área recreativa da Veiga, etc... Aquí tamén se contou con lugares que se prestaban para estas actividades. En total foron dez localidades co fin de poñer en valor esas localizacións.

Outro dos programas foi o Saborea a túa provincia, celebrado por segundo ano consecutivo é unha actividade itinerante que fai unha ruta por toda a provincia, con unha experiencia

	IV7BYKQ33QWNL6OTW7VXIXSSC4	Fecha y Hora	18/02/2023 07:37:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA (Xefe de Servizo Contratación e Fomento)		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BYKQ33QWNL6OTW7VXIXSSC4	Página	4/7



gastronómica para que desfruten as persoas que se queiran achegar a el e para presentar unha mostra representativa dos máis destacados produtos gastronómicos de proximidade e promocionar a labor de toda a cadea de valor ligada á nosa gastronomía, que dende sempre foi un dos fortes da nosa provincia.

O programa organizouse en nove localidades, procurando que todas as actividades organizadas non se superpoñan uns cos outros.

Neste programa tamén se traballou coa asociación de cociñeiros profesionais para os shows cooking e as degustacións. O desenvolvemento do programa é similar en todos os concellos, facendo concertos, algunha charla, obradoiros de cociña infantil para chegar a gastronomía aos máis pequenos de casa.

As nove localidades que acolleron estes eventos, estiveron pensadas para que toda a provincia tivese unha representación mínima e escollendo as fins de semana do mes de agosto para que houbera unha maior dispoñibilidade e tendo en conta tamén as localizacións do ano pasado.

As localidades foron Pantón, Chantada, Taboada, Trabada, O Valadouro, Vilalba, A Fonsagrada, Navia de Suarna e Pol, facendo un percorrido por toda a provincia.

Proponse contribuír ao impulso do Pacto Verde da Unión Europea e da estratexia “Da granxa á mesa”.

Outro programa tamén consolidado é o “Coñece a túa provincia” que celebrou a súa segunda edición dirixida novamente a entidades sen ánimo de lucro da provincia de Lugo, que consiste na realización de excursións dunha xornada de duración que se articulan en 37 itinerarios diferentes de carácter turístico na provincia. Estes itinerarios abarcan unha mostra representativa do noso patrimonio cultural, natural e gastronómico de cada un dos 67 concellos da provincia de Lugo que están incluídas nestas 37 rutas.

Entre os obxectivos desta edición está o de contribuír á reactivación da hostalería e do turismo (con esta fin naceu o programa o ano pasado) fomentando un turismo de proximidade e tamén recuperar a confianza que durante a pandemia se perdera nos establecementos. Esta actuación serviu para que persoas que viven no rural recuperen a confianza e perdan o medo para volver a reencontrarse nos locais de hostalaría.

Tamén é unha ferramenta de sensibilización para os veciños e veciñas para que sintan e coñezan o potencial turístico desta provincia. Cando veñen as visitas, non cansamos de repetirlles o mesmo: hai un montón de enclaves e percorridos que se poden facer ao longo dun día, que están a carón da casa, con moito que ofrecer e que son os grandes descoñecidos; moitas veces incluso dentro do propio concello.


En total recibíronse preto de 170 solicitudes de diferentes asociacións de toda a provincia e desfrutaron un total de 143 asociacións (86 na edición de primavera e 57 no período de outono). A cifra que se acadou de persoas que desfrutaron do turismo de proximidade este ano foron de 2860 persoas.

Continúa sinalando Pilar García Porto que outro dos programas que se levaron a cabo foron as visitas a monumentos románicos de provincia. En total 322 persoas gozaron destas visitas realizadas en 15 concellos da provincia. Ao igual co resto dos programas, cun carácter totalmente gratuito de promoción do noso territorio para poñer en valor o patrimonio, neste caso, románico.

Engade que tamén se tivo presenza en feiras, accións promocionais e congresos como foi FITUR onde se promocionou a provincia como un plató de cine, un tema no que se traballou dende o principio, onde se constatou as numerosas solicitudes para rodaxes de cine na nosa provincia.

Tamén se estivo presente por primeira vez en Biocultura na Coruña, participando con un stand propio, trátase dunha feira de produtos ecolóxicos e ecoturismo celebrada no mes de marzo. Ademais, entre o 13 e o 15 de maio, asistimos á feira Expocidades en Ferrol e no mes de xullo

	IV7BYKQ33QWNL6OTW7VXIXSSC4	Fecha y Hora	18/02/2023 07:37:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA (Xefe de Servizo Contratación e Fomento)		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BYKQ33QWNL6OTW7VXIXSSC4	Página	5/7



asistimos a Turexpo a Silleda que, como sabedes, é unha feira especializada de turismo que para nós é unha oportunidade para presentar ante un público que moitas veces está vinculado ao sector gandeiro porque se enmarca dentro da Semana Verde de Galicia que todos coñecemos.

Estivemos tamén presentes na feira L de Lugo, organizada pola Asociación de Distribuidores de Hostalería e Alimentación de Lugo; en Termatalia e en Xantar.

Tamén se realizaron outras accións de promoción como a colaboración coa organización da feira do San Isidro na Milagrosa, co III Encontro Nacional de Festas Tradicionais con lume e o I Encontro de Patrimonio Inmaterial da Ribeira Sacra que se celebrou en Taboada o 16 de xullo; tamén se realizou unha colaboración coa organización das xornadas Mar por Medio, celebradas en Ribadeo o día 16 de setembro e coa organización do primeiro encontro de Turismo Rural Cataluña – Galicia celebrado o 20 de outubro na Ribeira Sacra.

Engade que este ano tamén se participou en diferentes congresos ou actividades asociativas; en primeiro lugar sinala que fomos os encargados de celebrar o Fórum Lugo 2022 que pertence á Copa España Creativa o ser gañadores o ano pasado no Fórum Orihuela con un proxecto (aquí están os responsables de Medio Ambiente da Deputación) que consistía na recuperación de soutos na zona dos Ancares partindo da identificación dos propietarios xa que, na maioría dos casos e cada vez con máis frecuencia en Galicia, os herdeiros non saben ni cales son as fincas nin queren sabelo; polo que se trata de poñer en valor eses terreos. A organización deste evento repartiuse por todo o territorio da provincia para dalo a coñecer as persoas participantes tendo eventos aquí en Lugo, tanto no Pazo de San Marcos como a gala final no MIHL, tamén houbo partes que se celebraron na Ribeira Sacra e na Mariña Lucense onde se realizaron as presentacións dos proxectos que concorrían á Copa España Creativa desta edición.

Tamén se tivo presenza na Asamblea da Transrománica, como membros desta red. A Asamblea Xeral tivo lugar o pasado 20 de setembro que tivo lugar en Lousada en Portugal, ao que asistiron técnicos de turismo. Neste encontro, puxéronse en común as actividades realizadas para poñer en valor o románico do noso territorio, futuras actuacións da asociación así como a admisión de novos membros na Transromanica.

Sinala que tamén se participou nos grupos de traballo da Red DTI, concretamente no Grupo de Traballo de Deputacións, Cabildos e Consells impulsando un protocolo para o impulso do modelo de Destinos Turísticos Intelixentes na provincia. As actuacións que se levarán a cabo, pasarán dende accións formativas e de capacitación ata a consolidación da marca DTI no territorio.

Dende o grupo de traballo da Red DTI de Deputacións, tamén se elaborou un Manual de Experiencias DTI das Deputacións, Cabildos e Consells onde se incluíu, por un lado, a creación do Premio Turismo Sostible dentro dos Premios Provinciais de Turismo e o proxecto Reserva da Biosfera Terras do Miño.

Indica que tamén se realizaron unha serie de publicacións, como as guías do románico da provincia, lembrou que no momento de publicar a guía do románico da Ribeira Sacra ían publicarse outras máis como será *o Lugo Románico: A Ulloa e Lugo Románico: Ancares, Courel e Sarria*. Outra publicacións foi *Achegas a simboloxía do románico da Ulloa*.

Continúa falando das accións de patrocinio, que se empregan para dar visibilidade á provincia fóra das nosas fronteiras. Temos presenza deste xeito no rally Paris Dakar, cun piloto desta provincia que, a través dun patrocinio, nos permitiu que máis de 70 cadeas de televisión lle fixeran o seguemento e que preto de 5 millóns de espectadores o visen.

	IV7BYKQ33QWNL6OTW7VXIXSSC4	Fecha y Hora	18/02/2023 07:37:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA (Xefe de Servizo Contratación e Fomento)		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BYKQ33QWNL6OTW7VXIXSSC4	Página	6/7



Outro dos patrocinios foi o da Gold River Race que é un evento deportivo de ámbito internacional que contou coa participación de 400 dos mellores especialistas mundiais K-2 e C-2. Esta competición, apoiada oficialmente pola FEGAPI e a RFEP, a nivel organizativo, tamén contou co respaldo do Clube de Piragüismo Olívico. Este impulso serviu para poñer en valor esa parte tan importante do territorio como son os ríos do noso territorio.

Tamén se fixo un patrocinio do Resurrection Fest, destacando a importancia que ten este festival para Viveiro e para a comarca enteira.

Continúa sinalando que esto é, en resumo, as actuacións levadas a cabo polo Servizo de Turismo ao longo do ano 2022, ao que hai que engadir a tramitación de subvencións que tamén se fan con outras entidades e colectivos, accións de carácter nominativo xa contempladas nos orzamentos e outras de carácter excepcional, que son as que van xurdindo ano a ano, atendendo ás necesidades dos distintos colectivos.

Pregunta aos asistentes se hai calquera cuestión que queiran formular queda a súa disposición. Ao non formularse preguntas, pásase ao seguinte punto da orde do día.

3.-Rogos e preguntas.

Non formulándose ningunha, agradécese a asistencia ao Consello de Turismo e deséxalle boas festas aos participantes.

Non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ordinaria do Consello de Turismo, sendo as 18:02 horas.

Vº. e pr. A Vicepresidenta	O Secretario,
Mª del Pilar García Porto	José Domingo Martínez Ferreira

	IV7BYKQ33QWNL6OTW7VXIXSSC4	Fecha y Hora	18/02/2023 07:37:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA (Xefe de Servizo Contratación e Fomento)		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BYKQ33QWNL6OTW7VXIXSSC4	Página	7/7

